

Duathlon de Reis

Concello de Vimianzo



REGULAMENTO

organiza



FEGATR
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN
JUVENIL MODERNO

XUNTA
DE GALICIA

DEPORTES
GALEGO



CIRCUITO GALEGO | DÚATLON
CROS

EDADE
NON



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Campionato Galego Absoluto de Dúatlon Cros -Inclusivo

Campionato Galego Supersprint de Dúatlon Cros

Circuíto Galego Supersprint Cadete · Xuvenil · Junior - Inclusivo

Regulamento de competición

XVII DÚATLON CROS DE REIS - CONCELLO DE VIMIANZO

11 de xaneiro de 2026

Organiza 	Concello de Vimianzo (deportes@vimianzo.gal) 981716001 Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno (fegatri@hotmail.com) 982251345
Patrocina 	Concello de Vimianzo
Colabora 	Secretaría Xeral para o Deporte Club Tríatlon Costa da Morte Asociación Neira Marcos de Salto Grupo Benedicto Agrosoneira Clínica Vimianzo Saúde Vístete Tenda de Moda Gestión de Residuos Vimianzo S.L. Cruz Vermella Protección Civil
Ubicación 	Praza Neira Marcos, Castromil - Salto. 15129 Vimianzo 43° 08'13.5"N 9° 00'14.1"W (43.137089, -9.003929) https://goo.gl/maps/JbpAbGc4uG3Y4ect6
Horario 	08:30 Apertura da secretaría de competición



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VICIANZO

Campionato Galego Absoluto de Dúatlon Cros -Inclusivo

Campionato Galego Supersprint de Duatlón Cros

Circuíto Galego Supersprint Cadete · Xuvenil · Junior - Inclusivo

Regulamento de competición

08:45 Control de material da proba SuperSprint

9:30 Saída da proba SuperSprint: Campionato Galego e Popular

10:45 Entrega de Premios do Campionato Galego da Proba SuperSprint (aproximada)

10:45 Control de material da proba Estándar

11:30 Saída da proba Estándar: Campionato Galego e Popular

13:45 Remate da proba (hora aproximada)

14:00 Entrega de premios do Campionato Galego da Proba Estándar e Popular

Distancias |

Distancia SuperSprint: 1,8 km de carreira a pé (2 voltas) - 9,8 km en bicicleta BTT (1 volta) - 0,8 km de carreira a pé (1 volta).

- Circuíto Súper Sprint: categorías Cadete, Xuvenil, Junior e Inclusiva
- Proba Popular: categoría Absoluta

Distancia Estándar: 5,4 km de carreira a pé (1 volta) - 21 km en bicicleta BTT (2 voltas) - 3,6 km de carreira a pé (1 volta).

- Campionato Galego: categorías Junior, Sub23, Absoluta e Veterana 1,2 e 3

Acreditación |

Dende as 8:30h. ata as 10:30h., na zona de Secretaría

OBRIGATORIO PRESENTAR LICENZA OU D.N.I.

Para acceder á transición será obrigatorio presentar, DNI ou documento oficial con foto

Control material |

Na zona de transición, co equipamento preparado e todos os dorsais colocados.

Circuíto Súper Sprint- dende as 8:45 h. ata as 9:25 h.

Circuíto Dúatlon Cros- dende as 10:45 h. ás 11:25 h.



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Campionato Galego Absoluto de Dúatlon Cros -Inclusivo

Campionato Galego Supersprint de Dúatlon Cros

Circuíto Galego Supersprint Cadete · Xuvenil · Junior - Inclusivo

Regulamento de competición

Servizo de vestiarios, gardarroupa e lavado de bicicletas |

Habilitarase o servizo de duchas e lavado de bicicletas na zona de meta para as/os deportistas.

Tamén se habilitará o servizo de gardarroupa que estará situado no local de recollida de dorsais.

Reunión técnica |

Será publicada online na web FEGATRI cos detalles técnicos a respectar e as horas de saída o xoves 8 de xaneiro.

Normas de competición |

A carreira rexerase segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Tríatlon.

<https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

Categorías |

1. Individual Distancia Estándar (Campionato Galego)
 - 1.1. Absoluta
 - 1.2. Sub 23
 - 1.3. Junior
 - 1.4. Veterana 1 - 2 - 3
2. Relevos
 - 2.1. Parellas masculina
 - 2.2. Parellas feminina
 - 2.3. Parellas mixta
3. Individual Distancia SuperSprint (Campionato Galego e Proba Popular)
 - 3.1. Cadete
 - 3.2. Xuvenil
 - 3.3. Junior
 - 3.4. Inclusiva
 - 3.5. Absoluta

A categoría de idade está determinada pola idade do deportista a día 31 de decembro do ano no que se celebre a proba.

Inscricións | 190 prazas

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado Regulamentos/Inscricións. O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Campionato Galego Absoluto de Dúatlon Cros -Inclusivo

Campionato Galego Supersprint de Dúatlon Cros

Circuíto Galego Supersprint Cadete · Xuvenil · Junior - Inclusivo

Regulamento de competición

O período de inscrición abrírase o xoves 11 de decembro ás 12:00 horas e permanecerá aberto ata o 4 de xaneiro ás 23:59, ou ata o momento no que se cubran todas as prazas ofertadas

O prezo da inscrición serán de 12€.

As licenzas de 1 día para non federados serán asumidas polo organizador da proba.

Inscricións individuais: 140 prazas (reservadas ata o día 19 de decembro; a partir desa data todas as inscricións que queden por cubrir estarán a libre disposición dos interesados e interesadas, pero en ningún caso se poderán superar as 190 bicicletas).

Inscricións por relevo: 50 parellas (reservadas ata o día 19 de decembro; a partir desa data todas as inscricións que queden por cubrir estarán a libre disposición dos interesados e interesadas, pero en ningún caso se poderán superar as 190 bicicletas).

Prazo de inscrición: **pecharase o domingo, día 4 de xaneiro ás 23:59 h.** ou no momento en que se cubran as prazas ofertadas.

Lista de espera: Completadas as prazas, abrírase unha lista de espera por orde de chegada.

Esta lista de agarda, xestionarase diariamente na FEGATRI comunicando por correo electrónico cos/cas deportistas da lista que entren na proba e indicándolles o prazo para formalizar a inscrición na plataforma. O último movemento da lista será comunicado o luns 5 de xaneiro dando prazo ata as 14:00 h. dese día para a súa formalización.

O Campión e a Campioa absolutos da edición 2025 están convidados a participar na proba de xeito gratuíto.

Proceso de inscrición |

Deportistas con licenza de Tríatlon en vigor:

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana Competicións/Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Una vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club e a contrasinal.

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Deportistas sen licenza en vigor (Licenza Temporal de 1 día): Custe seguro de 1 día de 10 € (incluído na cota de inscrición).

Unha vez no apartado COMPETICIÓNs picarase en COMPETICIÓNs/INSCRICIÓNs para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introducirán os datos.

Imprescindible, para que a inscrición de calquera deportista sen licenza Fegatri sexa válida, enviar a copia do DNI en vigor e documento de protección de datos que se pode descargar na seguinte ligazón <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx>. Dita documentación debe enviarse á Federación Galega de Tríatlon a través da plataforma de inscricións



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Campionato Galego Absoluto de Dúatlon Cros -Inclusivo

Campionato Galego Supersprint de Dúatlon Cros

Circuíto Galego Supersprint Cadete · Xuvenil · Junior - Inclusivo

Regulamento de competición

Inscricións Distancia SuperSprint | 170 prazas

A **inscrición** para os deportistas participantes no **Circuíto Súper Sprint** terá un custo de 5€. Para o resto de deportistas da **Proba Popular** terá un custo de 12€.

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado Regulamentos/Inscricións.

Prazo de inscrición: **pecharase o domingo, día 4 de xaneiro ás 23:59 h.** ou no momento en que se cubran as prazas ofertadas.

25 prazas reservadas para categoría e xénero do circuíto supersprint para deportistas con licenza en vigor, ata o día 19 de decembro; a partir desa data todas as inscricións que queden por cubrir estarán a libre disposición dos interesados e interesadas de calquera categoría, tanto con licenza en vigor coma con licenza de 1 día ou de ciclismo.

Lista de espera: Completadas as prazas, abrírase unha lista de espera por orde de chegada.

Esta lista de agarda, xestionarase diariamente na FEGATRI comunicando por correo electrónico cos/cas deportistas da lista que entren na proba e indicándolles o prazo para formalizar a inscrición na plataforma. O último movemento da lista será comunicado o luns 5 de xaneiro, dando prazo ata as 14:00 h. dese día para a súa formalización.

Proceso de inscrición |

Deportistas con licenza de Triatlón en vigor:

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana Regulamentos/Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Una vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club e contrasinal

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Deportistas sen licenza en vigor de Triatlón (Licenza Temporal de 1 día): Unha vez no apartado COMPETICIÓNs picarase en COMPETICIÓNs/INSCRICIÓNs para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introducirán os datos.

Custe licenza de 1 día de menores 6 € que subvencionará a organización e o/a deportista non abonará nada nese concepto.

Custe da licenza de 1 día para a Proba Absoluta: 10 € (incluída na cota de inscrición).

Imprescindible, para que a inscrición de calquera deportista sen licenza de tempada da Fegatri sexa válida, enviar a copia do DNI en vigor e documento de protección de datos que se pode descargar na seguinte ligazón

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx>

Dita documentación debe enviarse á Federación Galega de Triatlón a través da plataforma de inscricións



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Campionato Galego Absoluto de Dúatlon Cros -Inclusivo

Campionato Galego Supersprint de Dúatlon Cros

Circuíto Galego Supersprint Cadete · Xuvenil · Junior - Inclusivo

Regulamento de competición

Baixas e política de Devolucións |

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlón a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición.

Unha vez pechado non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

Publicación listas de inscritos |

Publicación lista provisional: o mércores anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo.

Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Dereitos de imaxe, uso de datos e declaración de estar apto para a práctica deportiva |

Os/as deportistas inscritos/as comprométense a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- O/a deportista inscrito/a declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- Calquera atleta con problemas médicos (alerxia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
- O/a atleta inscrito/a autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet,... para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Campionato Galego Absoluto de Dúatlon Cros -Inclusivo

Campionato Galego Supersprint de Dúatlon Cros

Circuíto Galego Supersprint Cadete · Xuvenil · Junior - Inclusivo

Regulamento de competición

Aspectos xerais |

1. No caso de que se produza un **abandono** o/a deportista terá a obriga de comunicalo no control de chegada e entregar o chip á organización.
2. As persoas e/ou entidades participantes poderán interpor reclamacións e/ou apelacións para garantir os seus dereitos de conformidade co previsto no artigo 9 do Regulamento de Competicións da FEGATRI da Tempada.
<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2024/02/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf>
3. Calquera participante, polo feito de tomar a saída na proba, acepta o presente Regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña o Comité Organizador.
4. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.
5. Todos aqueles/as deportistas que se atopen por detrás do vehículo que pecha a carreira están obrigados a circular polo carril dereito e a cumprir o código de circulación. Os/as participantes que non respecten este punto poderán ser retirados/as da carreira polos membros da organización.
6. A organización contará coa colaboración de organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido.
7. Existirá un posto de avituallamento líquido e sólido situado na zona de meta e transición.
8. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios, percorridos, así coma aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.
9. **No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha alerta laranxa a carreira será suspendida automaticamente. Do mesmo xeito, se a organización considera que non pode garantir a seguridade dos/as participantes, tamén procederá á suspensión da proba.**
10. **A organización reservase o dereito de cancelación de calquera das dúas probas, no caso de que pechado o seu prazo de inscrición, esta fose inferior a 30 participantes.**
11. **DESCUALIFICACIÓNS:**
 - 11.1. O servizo sanitario da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera deportista que manifeste un mal estado físico.
 - 11.2. Todo deportista que non realice o percorrido completo.
 - 11.3. O/a deportista que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a Organización.
 - 11.4. O/a deportista que non cumpra o regulamento oficial de competición vixente da FETRI coas modificacións establecidas na FEGATRI.

<https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Campionato Galego Absoluto de Dúatlon Cros -Inclusivo

Campionato Galego Supersprint de Dúatlon Cros

Circuíto Galego Supersprint Cadete · Xuvenil · Junior - Inclusivo

Regulamento de competición

Premios |

1. Premios Individuais do Campionato Galego:

- Trofeo ou medalla aos tres primeiros clasificados absolutos masculinos.
- Trofeo ou medalla ás tres primeiras clasificadas absolutas femininas.
- Trofeo ou medalla aos tres primeiros clasificados junior masculinos.
- Trofeo ou medalla ás tres primeiras clasificadas junior femininas.
- Trofeo ou medalla aos tres primeiros clasificados Sub23 masculinos.
- Trofeo ou medalla ás tres primeiras clasificadas Sub23 femininas.
- Trofeo ou medalla aos tres primeiros clasificados veterano 1 masculinos.
- Trofeo ou medalla ás tres primeiras clasificadas veterano 1 femininas.
- Trofeo ou medalla aos tres primeiros clasificados veterano 2 masculinos.
- Trofeo ou medalla ás tres primeiras clasificadas veterano 2 femininas.
- Trofeo ou medalla aos tres primeiros clasificados veterano 3 masculinos.
- Trofeo ou medalla ás tres primeiras clasificadas veterano 3 femininas.
- Medalla ás persoas participantes na categoría inclusiva.

2. Premios de Clubs do Campionato Galego:

- Trofeo aos 3 primeiros clubs clasificados na categoría absoluta masculina.
- Trofeo aos 3 primeiros clubs clasificados na categoría absoluta feminina.

3. Premios Individuais do Dúatlon de Reis na distancia Estándar:

- Cesta de produtos aos tres primeiros clasificados absolutos masculinos.
- Cesta de produtos ás tres primeiras clasificadas absolutas femininas.
- Cesta de produtos máis medalla ao primeiro clasificado empadroado no concello que non quede entre os tres primeiros clasificados na categoría absoluta masculina.
- Cesta de produtos máis medalla á primeira clasificada empadroada no concello que non queden entre as tres primeiras clasificadas na categoría absoluta feminina.

4. Premios na modalidade de Relevos na distancia Estándar:

- Trofeo ou medalla ás 3 primeiras parellas clasificadas en categoría relevos masculino.
- Trofeo ou medalla ás 3 primeiras parellas clasificadas en categoría relevos feminina.
- Trofeo ou medalla ás 3 primeiras parellas clasificadas en categoría relevos mixta.

5. Clasificación e premios do Campionato Galego Súper Sprint Cadete, Xuvenil, Junior, Inclusiva e Proba Popular na distancia SuperSprint:

- Trofeo ou medalla aos tres primeiros clasificados cadetes masculinos.
- Trofeo ou medalla ás tres primeiras clasificadas cadetes femininas.
- Trofeo ou medalla aos tres primeiros clasificados junior masculinos.
- Trofeo ou medalla ás tres primeiras clasificadas junior femininas.
- Trofeo ou medalla aos tres primeiros clasificados xuvenil masculinos.
- Trofeo ou medalla ás tres primeiras clasificadas xuvenil femininas.
- Trofeo ou medalla aos tres primeiros clubs do circuíto súper sprint (CD/XV/JN)



DÚATLON CROS DE REIS CONCELLO DE VIMIANZO

Campionato Galego Absoluto de Dúatlon Cros -Inclusivo

Campionato Galego Supersprint de Dúatlon Cros

Circuíto Galego Supersprint Cadete · Xuvenil · Junior - Inclusivo

Regulamento de competición

- Trofeo ou medalla a todos/as os/as participantes da categoría inclusiva
- 6. Clasificación e premios da Proba Popular na distancia SuperSprint:**
- Trofeo ou medalla aos tres primeiros clasificados absolutos masculinos.
 - Trofeo ou medalla ás tres primeiras clasificadas absolutas femininas.

“Art. 8.6 Regulamento de competición FEGATRI.- Aquel/a deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono”. Excepción - aqueles deportistas que non vaian estar presentes para a entrega deben avisar ao Delegado Técnico ou Xuíz Árbitro).

A Campioa e o Campión absolutos da proba serán convidados pola organización a participar na edición do seguinte ano. Ademais tanto a Campioa Absoluta como a Campioa do Circuíto Súper Sprint levarán o Dorsal número 1 na seguinte edición nas súas respectivas probas.

Percorridos |

1. Dúatlon de Reis - Campionato Galego Dúatlon Cros (Distancia Estándar)

Premendo no seguinte enlace de Google Maps poderás ver os tres segmentos da proba:

https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1ukZXRjchyosvsejePF7Q26J_xOQAmym7&ll=43.12898448495736%2C-8.989946999999994&z=15

- Segmento 1: 1 volta (5,4 km)
- Segmento 2: 2 voltas (21 km)
- Segmento 3: 1 volta (3,6 km)

2. Dúatlon de Reis - Campionato Galego súper sprint (CD/XV/JN) e Proba Popular (Distancia SuperSprint)

Premendo no seguinte enlace de Google Maps poderás ver os tres segmentos da proba:

<https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1oq4tqsW1H6G83tUhi8LpdUx1D3-mj3bp&ll=43.13132601381123%2C-8.9933485&z=15>

- Segmento 1: 2 voltas (1,8 km)
- Segmento 2: 1 volta (9,8 km)
- Segmento 3: 1 volta (0,8 km)

A Organización desta carreira aproveita a ocasión para agradecer a súa participación.

MÁIS INFORMACIÓN

www.facebook.com/duatlonreisvimianzo

<http://fegatri.org/probas-regulamento/>